



RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: <u>C95501:4</u> SITUACIÓN: <u>Rua do pedregal, edificio mahia, nº 10 Baixo D - AMES</u>
--

Por resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de A Coruña de data 02 de xullo de 2020 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente C95501:4, ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Co obxecto de seleccionar as persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

No prazo citado foi presentada 1 solicitude que despois de ser designada adquirente comunicou a súa renuncia o 29/09/2020, a cal foi aceptada mediante resolución da xefatura territorial do día 29/09/2020.

A vivenda continuou publicitada na páxina web do IGVS para xeral coñecemento. Con data 30 de setembro de 2020 presentouse unha solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes por don JULIO CESAR APUD MORALES (núm. de credencial 94326), que, logo da oportuna comprobación, cumpre os requisitos esixidos para ser designado adquirente.

En consecuencia, a xefa territorial

ACORDA:

Declarar directamente adquirente a don JULIO CESAR APUD MORALES (núm. credencial 94326)

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
P.S. Resolución CMATV do 27/06/2019
O xefe do Servizo de Patrimonio Natural
(Asinado electronicamente).

